

DNI	APELIDO 1º	APELIDO 2º	NOME	CODIGO DO POSTO	POSTO DE TRABAJO	NIVEL	CENTRO DIRECTIVO	LOCALIDADE
34.992.303	GONZALEZ	CONDE	DARIO JAVIER	CSA991000332001009	INSP. FARMAC. SAUDE PUBLICA	20	DELEGACION PROVINCIAL	OURENSE
8.835.806	TEJEDA	PASCUAL	Mª ROCÍO	CSA991000332001010	INSP. FARMAC. SAUDE PUBLICA	20	DELEGACION PROVINCIAL	OURENSE
32.747.548	SANTOS	EXPOSITO	CELIA PILAR	CSA991000336001006	INSP. FARMAC. SAUDE PUBLICA	20	DELEGACION PROVINCIAL	PONTEVEDRA
16.048.788	GONZALEZ	AMIGO	SUSANA	CSA991000336001007	INSP. FARMAC. SAUDE PUBLICA	20	DELEGACION PROVINCIAL	PONTEVEDRA
33.304.127	FOLGUEIRA	VÁZQUEZ	Mª CARMEN	CSA991000336001008	INSP. FARMAC. SAUDE PUBLICA	20	DELEGACION PROVINCIAL	PONTEVEDRA
28.675.446	CABRERA	CASTELLANOS	Mª PILAR	CSA991000336001009	INSP. FARMAC. SAUDE PUBLICA	20	DELEGACION PROVINCIAL	PONTEVEDRA
76.360.938	SANCHEZ	CASTRO	Mª PILAR	CSA991000336001010	INSP. FARMAC. SAUDE PUBLICA	20	DELEGACION PROVINCIAL	PONTEVEDRA

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 29 de maio de 2006 pola que se convocan axudas a entidades de interese colectivo de ámbito provincial ou autonómico para o exercicio 2006.

As entidades de interese colectivo representan un importante papel na vertebración social e profesional do sector primario. A súa achega para artellar mecanismos eficaces de participación directa do sector pesqueiro e marisqueiro coa Administración, asegurando a presenza dos intereses dos profesionais nos procesos de avaliación e decisión das políticas pesqueiras, así como o constante traballo a prol dunha garantía de rendas dignas para os pescadores e da mellora da calidade de vida nas vilas costeiras contribuíron ao recoñecemento por parte dos poderes públicos da súa lexítima representatividade como interlocutores no eido pesqueiro e mesmo tamén pola sociedade civil como entidades representativas das comunidades mariñeiras.

En concordancia con esa función vertebradora da trama social do litoral galego, cómpre artellar medidas de apoio institucional ás organizacións profesionais pesqueiras. A presente orde establece o marco regulador das axudas a entidades de interese colectivo de ámbito provincial ou autonómico.

Os artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, establecen o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. A presente orde adáptase a esa normativa, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e concorrencia.

Xa que logo, no uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPÓÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades de interese colectivo, de ámbito provincial ou autonómico, definidas na disposición adicional segunda 26) da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia.

2. As axudas económicas reguladas nesta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.01.612B.480.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e por un importe máximo de 417.000 euros.

En todo caso, a concesión das axudas estará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Artigo 2º.-Finalidade.

As axudas concedidas ao abeiro desta orde teñen por finalidade a realización de actividades de promoción da organización sectorial e de formación dos asociados das entidades de interese colectivo, de ámbito provincial ou autonómico, con implantación en Galicia.

Poderán ser obxecto de axuda as actividades referidas, entre outras, a todos ou algún dos aspectos seguintes:

a) Reforzamento do investimento en tecnoloxía, formación e innovación coa finalidade de mellorar a xestión da entidade.

b) Consolidación da estrutura organizativa interna.

c) Formación e capacitación dos consellos reitores, equipos directivos, responsables da xestión e dos socios: formación e especialización en habilidades directivas, novas tecnoloxías de información e comunicación, igualdade de oportunidades e de xénero, e aquelas outras dirixidas á diversificación económica das zonas dependentes da pesca en ámbitos vencellados ao mar. Están excluídas aquelas actividades que teñan como finalidade accións formativas que oferte a Administración en calquera das súas modalidades.

d) Fomento do asociacionismo e da participación nas políticas activas que lles permita formar parte dos procesos de diálogo social e de dinamización económica.

e) Promoción da intercooperación entre as entidades de interese colectivo.

f) Incorporación de persoal cualificado, de acordo coas súas necesidades técnicas e de xestión, a profesionalización das tarefas técnicas da entidade e a contratación de xerentes e órganos de xestión.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas na presente orde as entidades de interese colectivo definidas na disposición adicional segunda, punto 26, da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, cuxo ámbito sexa provincial ou autonómico, con implantación en Galicia.

2. Non poderán ser beneficiarias das axudas aquelas entidades nas que concorran algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13, parágrafos 2º e 3º, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios, ao formalizaren a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento

das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das axudas, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión das axudas.

b) Acreditar ante o órgano concedente a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinan a concesión ou o gozo da axuda.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

Artigo 5º.-Gastos subvencionables.

Poderán concederse axudas para os seguintes gastos, sempre que sexan necesarios para a execución das actividades referidas no artigo 2º:

a) Os derivados da contratación de persoal cualificado e de xerentes e órganos de xestión, de acordo coas súas necesidades técnicas e de xestión.

b) A adquisición de equipamento para o procesamento da información, comunicación e aplicacións informáticas.

c) Os derivados da organización de cursos de formación e capacitación do persoal directivo ou dos socios.

d) Os derivados da celebración de reunións, sesións de traballo e foros de debate entre as entidades de interese colectivo para o reforzamento da cooperación.

Artigo 6º.-Gastos non subvencionables.

Non serán subvencionables os gastos relativos a:

a) A adquisición de terreos ou inmobles.

b) Adquisición de vehículos, tractores, camiões e outros de transporte.

c) Os gastos de mantemento e conservación dos bens e equipamentos.

d) Os gastos correntes derivados das actividades realizadas polas entidades.

e) Os de atencións protocolarias, os gastos de manutención dos membros da organización e as axudas de custo, agás as que se deriven de desprazamentos fóra da nosa comunidade autónoma.

f) Ao IVE, agás nos casos en que se achegue certificado expreso do Ministerio de Facenda na porcentaxe non recuperable del.

g) A modernización ou acondicionamento de maquinaria, instalacións, locais, equipamentos, elementos, auxiliares ou calquera outro tipo de ben, comprendidos en proxectos de investimento cuxo financiamento se realízase con axudas públicas, durante os cinco anos inmediatamente anteriores á solicitude.

Artigo 7º.-Compatibilidade da axuda.

1. A percepción destas axudas poderá ser compatible con calquera outra que concedan as diversas administracións públicas para a mesma finalidade, sempre que o conxunto delas non supere o custo global de realización da actividade.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 8º.-Intensidade da axuda.

1. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidades orzamentarias.

2. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos liberados aos beneficiarios incrementarán o importe da axuda concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

3. Manterase a axuda pero minorarase na fase de pagamento se o investimento material realizado é, por causa xustificada, de contía inferior á que se considerou subvencionable, e na mesma proporción.

Artigo 9º.-Presentación de solicitudes.

1. As solicitudes de axuda presentaranse mediante instancia segundo o modelo que figura como anexo I da presente orde, debidamente cubertas e asinadas polo presidente, secretario ou representante legal da entidade peticionaria, xunto coa documentación que se detalla no artigo seguinte.

2. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. As solicitudes dirixiranse á conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos. Presentaranse no rexistro xeral da consellería, nos das súas delegacións territoriais ou comarcais, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A presentación das solicitudes comporta a autorización ao órgano xestor para obter dos organismos competentes os certificados de que está ao día no

cumprimento das obrigas tributarias e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

Artigo 10º.-Documentación.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Documentación acreditativa da personalidade:
 - a) Copia cotexada do documento nacional de identidade do asinante da solicitude.
 - b) Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
 - c) Certificación do órgano competente na que se especifique o acordo polo que se concede autorización para formalizar a solicitude ao asinante.
 - d) Certificación do órgano competente acerca do número de asociados á entidade, separado por sectores de actividade cando proceda.
 - e) Copia cotexada dos estatutos da entidade.
 - f) Acreditación da inscrición da entidade no rexistro correspondente.

2. Memoria que conteña unha descrición detallada das actuacións que se van realizar: finalidade, obxectivos, resultados esperados, persoal necesario, responsable do mesmo, experiencia da entidade promotora, asesores e colaboradores externos, custo, calendario previsto de realización e prazo global, e calquera outro aspecto que se considere de interese.

3. Orzamento detallado de cada unha das accións propostas, en que o IVE deberá ir separado e que deberá ir xustificado con orzamentos ou facturas pro forma.

4. Declaración responsable sobre as fontes de financiamento previstas para cada unhas das accións propostas (recursos propios, préstamos, outras axudas...) conforme o anexo II.

5. Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas fiscais e tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

6. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións, conforme o anexo III.

7. Certificación bancaria do número de conta.

Artigo 11º.-Tramitación.

1. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes á Secretaría Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, co fin de comprobar se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde.

2. No suposto en que se aprecie algún defecto ou sexa incompleta a documentación, requirirase o interesado para que, conforme o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nun prazo de dez

días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei.

3. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento do procedemento, o órgano xestor poderá requirir a entidade solicitante para que remita aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

Artigo 12º.-Comisión de valoración.

1. Unha vez completos os expedientes serán remitidos a unha comisión de valoración constituída na Secretaría Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que os examinará e valorará logo de aplicar os criterios que se sinalan no artigo seguinte. O resultado da avaliación reflectirase nun informe que se incorporará ao expediente.

2. Os membros da comisión de valoración serán nomeados pola Secretaría Xeral. A súa composición será publicada nos taboleiros de anuncios da consellería e nos das súas delegacións territoriais e comarcais.

Artigo 13º.-Criterios de valoración.

Para a adxudicación das axudas utilizaranse como criterios de valoración das accións presentadas, os seguintes:

-Grao de necesidade de acometer a acción para acadar o fin previsto e relevancia das melloras esperadas en relación co custo necesario para a súa concesión (25 puntos).

-Integración con outras actuacións que a entidade solicitante propoña ou teña en marcha (15 puntos).

-Resultados obtidos por actuacións realizadas anteriormente pola entidade solicitante (15 puntos).

-Número de asociados á entidade (20 puntos).

-Sectores ou ámbito de actuación das entidades, preferentemente os que favorezan o asociacionismo (15 puntos).

-Grao de cumprimento das obrigas derivadas das axudas recibidas, se é o caso, en anteriores convocatorias, para os mesmos fins (10 puntos).

Artigo 14º.-Proposta de resolución e aceptación.

1. A comisión de valoración elaborará un informe que elevará ao secretario xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, quen redactará a oportuna proposta de resolución. A proposta indicará de xeito individualizado os beneficiarios, os proxectos seleccionados e as accións para as que se propón a axuda, así como o importe da axuda proposta para cada unha delas.

2. A proposta notificaráselles aos interesados propostos como beneficiarios para que no prazo de dez (10) días comuniquen a súa aceptación ou rexeitamento da axuda nas condicións expresadas nela.

3. En función das dispoñibilidades orzamentarias adicionais, derivadas do rexeitamento de axudas propostas, de modificación de resolucións de outorgamento ou de incremento de crédito destinado a este

fin, poderán emitirse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 15º.-Resolución.

1. Recibida a aceptación dos beneficiarios ou transcorrido o prazo para facelo, a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos emitirá resolución motivada pola que se outorguen ou deneguen as axudas solicitadas.

2. A resolución notificaráselles aos interesados no prazo máximo de dez días a partir da data en que se dite.

3. O prazo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses a partir do día seguinte á publicación desta orde. De transcorrer o citado prazo máximo sen recaer resolución expresa por parte do órgano competente, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes.

Artigo 16º.-Recursos.

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente no prazo de dous (2) meses, contados, en ambos casos, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

Artigo 17º.-Modificación do proxecto.

Calquera modificación que se pretenda realizar nos investimentos inicialmente previstos, tanto no referente ao orzamento como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e deberá ser posta en coñecemento desta sempre con anterioridade á súa realización.

Artigo 18º.-Xustificación e pagamento.

1. Consideraranse gastos subvencionables os realizados e pagados efectivamente entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data límite para a súa xustificación.

2. Para o cobramento da axuda concedida, as entidades beneficiarias deberán presentar, antes do 30 de novembro, a seguinte documentación no lugar e forma sinalados no artigo 9º desta orde:

a) Memoria xustificativa de ter realizadas as accións para as que se concedeu a axuda.

b) Certificación que acredite, de xeito desagregado, a relación de custos individualizados para cada actuación, con e sen IVE.

c) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas correspondentes aos gastos realizados. As facturas deberán traer o IVE desagregado correctamente.

d) Extractos das contas, ordes de transferencia, talón ou certificación bancarias que xustifiquen a efectiva realización dos gastos, así como o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios ás actividades subvencionadas. Igualmente, os gastos poderán xustificarse mediante informe de auditoría de contas.

e) Copia compulsada das nóminas, TC 1 e TC 2 do persoal contratado.

f) Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

g) Certificación de todas as axudas solicitadas ante as distintas administracións públicas para os mesmos fins recollidos nesta orde, tanto as concedidas como as pendentes de resolución.

3. O importe final das axudas concedidas calcularase en función das facturas, documentación e demais xustificantes que se presenten ao respecto, de acordo co establecido nesta orde e na resolución da concesión.

No caso de que os gastos totais xustificados e admitidos, unha vez descontado o IVE, sexan inferiores ao importe da axuda concedida, practicarase a redución proporcional correspondente, sempre que se cumprisen os obxectivos previstos.

4. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa axuda, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Artigo 19º.-Pagamentos parciais e anticipos.

Poderán realizarse pagamentos parciais ou anticipos consonte o establecido no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 20º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora que se teña dereito a percibir desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos sinalados no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 21º.-Publicidade.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas con suxeición a esta orde indicando o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da axuda.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, a concesión das axudas establecidas nela queda condicionada á aprobación do proxecto remitido para este efecto á Comisión Europea.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2006.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES DE INTERESE COLECTIVO DE ÁMBITO PROVINCIAL OU AUTONÓMICO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE150A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1. - DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DA ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO	LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

2. - DATOS DO REPRESENTANTE

APELIDOS	NOME	NIF	
ENDEREZO	LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

3. - OBXECTO

DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS	IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA
---------------------------	---------------------------------------

4.- DECLARO:

Que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.

5.- ACEPTO:

O compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e documentación que se solicite.

6.- AUTORIZO:

O órgano xestor para obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.

7. - DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

Identifícase en relación que se xunta á presente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 29 de maio de 2006 pola que se convocan axudas a entidades de interese colectivo de ámbito provincial ou autonómico para o exercicio 2006.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

*ANEXO I (continuación)***RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA Á SOLICITUDE**

- COPIA COTEXADA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE DO ASINANTE OU ASINANTES DA SOLICITUDE.
- TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE NA QUE SE ESPECIFIQUE O ACORDO POLO QUE SE CONCEDE AUTORIZACIÓN PARA FORMALIZAR A SOLICITUDE AO ASINANTE.
- CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE ACERCA DO NÚMERO DE ASOCIADOS Á ENTIDADE.
- COPIA COTEXADA DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE SOLICITANTE.
- ACREDITACIÓN DA INSCRIPCIÓN DA ENTIDADE NO REXISTRO CORRESPONDENTE.
- ACTUACIÓNS PARA AS QUE SE SOLICITA A AXUDA.
- ORZAMENTO DETALLADO DE CADA UNHA DAS ACCIÓNS PROPOSTAS.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE AS FONTES DE FINANCIAMENTO PREVISTAS (ANEXO II).
- CERTIFICACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA OBTER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓNS (ANEXO III).
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA

*ANEXO II***DECLARACIÓN DE FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN**

D./Dª. _____, representante da entidade _____, solicitante das axudas reguladas na orde _____.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN ACERCA DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN:

Axudas concedidas

- Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma actuación.
- Si se me concedeu axuda para esta mesma actuación.

Tipo de axuda _____ Importe _____

Convocatoria no Diario Oficial _____ Data da convocatoria _____

Data da resolución _____ Entidade concedente _____

Axudas solicitadas

- Non solicitei ningunha outra axuda para esta mesma actuación.
- Si solicitei axuda para esta mesma actuación.

Tipo de axuda _____ Importe _____

Convocatoria no Diario Oficial _____ Data da convocatoria _____

Data da resolución _____ Entidade convocante _____

Outras fontes de financiamento para a actuación

Recursos propios: importe _____

Préstamos: importe _____ Entidade _____

Outros (especificar) _____

_____, de _____ de 200__

Sinatura

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA OBTENER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONES

D./Dña. _____, representante da entidade _____, solicitante das axudas reguladas na orde _____.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que non estou incursado en ningún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin desempeño ningún dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

E QUE A ENTIDADE QUE REPRESENTO:

Non está incursado en ningunha circunstancia que a inhabilite para ser beneficiaria de axudas e subvencións, e en particular:

- Non foi condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións e axudas públicas.
- Non solicitou a declaración de concurso nin se encontra en tal situación, non foi declarada insolvente, non está suxeita a intervención xudicial nin foi inhabilitada conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- Non deu lugar, por causa da que fose declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- Non foi sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou a Lei xeral tributaria.

_____, ____ de _____ de 200 ____

Asdo.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 22 de xuño de 2006 pola que se procede á adxudicación, con carácter definitivo, de postos aos funcionarios/as que superaron os procesos selectivos convocados polas ordes do 27 de maio de 2004 para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D) e subalterno da Xunta de Galicia (grupo E), así como polas ordes do 28 de xuño de 2004 para o ingreso, polo sistema de promoción interna, no corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A) e auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), e se abre o prazo posesorio das prazas adxudicadas en virtude da resolución definitiva do concurso da Administración xeral da Xunta de Galicia F0304.

Realizado o acto de petición de destino definitivo o día 21 de xuño de 2006 por parte dos funcionarios/as dos distintos corpos da Administración xeral da Xunta de Galicia relacionados no anexo I da Orde do 12 de xuño de 2006 (DOG nº 116, do 19 de xuño) cunha corrección de erros publicada

no DOG nº 118, do 21 de xuño, e unha vez elevada a proposta de adxudicación por parte da correspondente comisión, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Adxudicar con carácter definitivo aos funcionarios/as dos distintos corpos da Administración xeral da Xunta de Galicia que se relacionan nos anexos I ao III os postos de traballo que se especifican nos devanditos anexos.

Segundo.-A toma de posesión dos funcionarios/as a que se refire o punto anterior, efectuarase nos prazos establecidos no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, computándose estes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-Así mesmo, a toma de posesión dos funcionarios/as a que se refire a Orde do 9 de xuño de 2006 (DOG número 114, do 15 de xuño), pola que se resolve o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia F0304, efectuarase nos prazos establecidos no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, computándose estes a